

## O comercio de O Barco sorteará 3.000 euros entre os seus clientes

La Región 27 de Outubro de 2009

Os comercios barquenses de AEVA e os locais do Centro Comercial Aberto sortearán 3.000 euros entre a súa clientela durante as vindeiras dúas semanas, nunha campaña que organiza a Federación Galega de Comercio.

Co obxectivo de dinamizar o sector do comercio durante a crise, a Federación Galega de Comercio programou a campaña "As compras na túa vila teñen premio", na que colaboran as federacións provinciais de Comercio, a Dirección xeral de Comercio e Caixa Galicia. Onte era presentada en O Barco, onde lle desenvolverá ata o sete de novembro.

Neste período, os clientes poderán trocar por rifas os tickets das súas compras en comercios da Asociación Empresarial Valdeorras (AEVA) e nos locais do Centro Comercial Aberto. Estes resgardos débenos presentar na carpa da Praza do Concello para entrar no sorteo de dous tarxetas de agasallo de 300 euros e 24 de 100, ou o que é o mesmo, nun sorteo de 3.000 euros.

Pola súa parte, os clientes que acheguen o xustificante de realizar o pagamento coa tarxeta MasterCard do Comercio Galego, obterán dous boletos por cada ticket. O sorteo será o sete de novembro, durante unha festa.

"Pre vemos transaccións de máis de 600.000 euros en O Barco", dixo o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas. Acompañárono o responsable da Federación ourensá, Aurelio Gómez; o coordinador de área de Caixa Galicia, Fernando Fernández; e os presidentes de AEVA, e do Centro Comercial Aberto, Javier Rodríguez e Rosario López.